

## Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade

### LISTA DE ASISTENTES

Ana María Amorós Pons, Xosé Manuel Bahamonde Silva, Juan Manuel Corbacho Valencia, Alberto Dafonte Gómez, Ana Belén Fernández Souto, Julia Pedreira Fontenla, Silvia García Mirón, Beatriz Legerén Iago, Jorge Lens Leiva, Jose Manuel López Fernández, María Isabel Martínez Martínez, Luis Xabier Martínez Rolán, María Isabel Míguez Gonzalez, Julinda Molares Cardoso, Alberto Pena Rodríguez, Paulino Emilio Perez Feijoo, Ivan Puentes Rivera, Diana Ramahí García, Xosé Rúas Araújo

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Javier Abuín, Talía Rodríguez, Vicente Badenes Plá, Miguel Anxo Fernández, Andrés Fraga Pérez, Oswaldo García Crespo, Carmen López de Aguilera Clemente, Carmen Maíz, Román Pereiro Rodriguez – Lepina, Ana María Iglesias Alvarez.

que tivo lugar o luns 21 de decembro de 2022, na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda coa seguinte:

### ORDE DO DÍA

#### 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de 28 de novembro de 2022.

O profesora Xabier Rolán indica que hai unha errata na acta pois o número do seu novo gabinete e o 304, non o 303.

Apróbase por asentimento

#### 2.- Informe do director.

- O director informa que os profesores invitados ao ser esta figura considerada como conferenciante non poden facer exames e polo tanto son os coordinadores das materias nas que imparten docencia os responsables de poñer e facer os exames.
- Indica que falta tóner na impresora do Departamento pero temos que esperar á activación do orzamento do vindeiro ano para mercalo.
- O director informa que a nova lei orgánica do sistema universitario (LOSU) vai a ser aprobada o día 22 de decembro, e entre outros cambios que afectarán ao Departamento atópase o limiar máximo de temporalidade entre as figuras

docentes. Ese limiar no poderá ser maior do 8%, isto supón un problema para as titulacións que contan con moitos profesores asociados. Ademais o contrato de profesor asociado non poderá superar os tres anos. Informa tamén que a Uvigo informará dos prazos para a adaptación das universidades á reforma.

### **3.- Aprobación, se procede, dos Informes de solicitude de quinquenios.**

Apróbanse as solicitudes de quinquenios dos docentes: Beatriz Legerén, Julinda Molares, Xosé Manuel Bahamonde, Oswaldo García Crespo, Isabel Martínez Martínez, Xabier Martínez Rolán, Iván Puentes, Emma Torres Romay, Montserrat Vázquez Gestal.

### **4.- Aprobación, se procede, das invitacións para a Docencia do segundo cuatrimestre.**

Cara o segundo cuatrimestre é necesario volver a activar a lista de agarda, pero é moi posible que non se poidan cubrir todas as necesidades docentes, xa que dúas persoas da lista de agarda renunciaron e a terceira xa ten toda a docencia asignada. Polo tanto precisarase volver a facer invitacións. Como a invitación é de carácter anual, sería posible contar con algúns dos invitados que xa impartiron docencia este cuatrimestre. As materias que precisarían invitación e os docentes propostos serían

#### Grao Publicidade:

- G190601 Avaliación da eficacia publicitaria (150 h). Dúas invitacións máximo 75 horas cada unha. (un grupo teórico e dous prácticos)
  - Margarita Pastoriza
  - Rafael Sierra

Hai dúas materias que están incluídas no perfil dunha praza de Axudante Doutor que está a concurso, e que precisan docente a espera da resolución da mesma. As materias e os invitados propostos son:

- G190401 Elaboración mensaxe publicitario (60 h)
  - Carla Varela
- G190604 Técnicas de relacións públicas (60 h)
  - Antón Prieto

#### Grao Audiovisual:

- G071208 Expresión sonora (75 h)
  - Gonzalo Pedrido

## 5.- Aprobación, se procede, das titorías do segundo cuatrimestre.

O profesor Xabier Rolán solicita que dende a Área se envíe un correo electrónico recordando de forma individual a todos os docentes que non teñen as titorías asignadas.

Apróbanse por asentimento.

## 6.- Asuntos de trámite

Apróbase a estadía de investigación do profesor Juan Manuel Corbacho Valencia na universidade Complutense de Madrid por dous períodos de dous meses cada un, durante o segundo cuatrimestre.

- Do 1 de febreiro 2023 Ata 28 de abril de 2023
- Do 1 de maio de 2023 ata o 14 de xullo de 2023


## 7.- Rolda de intervencións

A secretaria intervén en nome da profesora Laura Miragaya que solicita un cambio de despacho, neste momento tópase no 316 a outro menos ruidoso para cando ten titorías, o seu novo despacho sería o 315.

Sen nada mais que tratar. Péchase a sesión as 10:59

Pontevedra 21 de decembro do 2022

O director do deptº



José Rúas Araújo



A secretaria do dptº



Beatriz Legerén Lago